


INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA, PARA CARPAS DE POLBO NO BOSQUE DO BANQUETE E PARA A CELEBRACIÓN DO 4º MERCADO DO LIBRO NA PRAZA AURELIO AGUIRRE, CO GALLO DAS FESTAS DO BANQUETE DE CONXO 2023

1.- Obxecto: as presentes instrución teñen por obxecto facilitar aos interesados a tramitación dos procedementos de autorización de ocupación da vía pública, para a instalación de diferentes postos de polbeira con carpa, (de uso exclusivo de venta e preparación dos produtos, sen opción de degustación no propio espazo), na zona asignada a tal efecto no recinto do Bosque do Banquete, co gallo da celebración, o día 14 de maio, deste ano, das festas do Banquete de Conxo.

Tendo en conta o espazo de ocupación, soamente será posible a instalación dun máximo de 3 postos de 15x5m, que serán autorizados respectando a orde de presentación no rexistro.



2.-A ocupación levarase a cabo, nos días e horas que se fan constar, de seguido:

- A ocupación será dende o día 13 de maio para levar a cabo a montaxe das carpas. O evento desenvolverase o 14 de maio en horario de 12:00 a 21:00 horas. Ese mesmo día, os vehículos de avituallamento poderán acceder ó emprazamento para labores de descarga en horario de 09:00 ás 11:00 horas, debendo ser retirados inmediatamente feita a descarga. A desmontaxe realizarase o mesmo día, unha vez finalizado o evento.

3.- Poderán presentar solicitude de participación para postos de polbeira con carpa 2023 da festa do Banquete de Conxo, as persoas físicas ou xurídicas que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de restauración, servizos de restauración e venda de comida e bebida.

4.- As instancias solicitando a autorización de ocupación do espazo público, para a instalación de postos de polbeira con carpa co gallo da Festa do Banquete de Conxo serán presentadas a través do Rexistro Electrónico do Concello.

O procedemento de solicitude realizarase no modelo [MO003 AUTORIZACIÓN DA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA ACTIVIDADES VARIAS](#), aportando debidamente cubertas e asinadas as declaracións responsables de actividades recreativas e de instalación de estruturas móbiles desmontables, así como o certificado en vigor de homologación da carpa, proxecto, certificado de idoneidade ou calquera outro documento técnico que acredite a súa homologación.

As solicitudes para postos de polbeira deberán presentarse coa suficiente antelación para poder levar a cabo a tramitación da autorización, polo que o prazo máximo en que serán admitidas será o día **8 de maio de 2023**. No caso da ocupación para a celebración do 4º Mercado do Libro, a data límite sería o **28 de abril de 2023**.

Ademais do modelo MO003, das declaracións responsables e do certificado de homologación da carpa, as solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Xustificante da Autoliquidación das taxas correspondentes, segundo as determinacións da Ordenanza Fiscal 3.24, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal. A cuota tributaria correspondente, por cada posto, será: 273,75 €.
A Autoliquidación poderá realizarse de xeito presencial no servizo de atención ó contribuinte ou a través da sede electrónica, seguindo os seguintes pasos: Alta de autoliquidacións - Taxa venda ambulante (Ordenanza fiscal 3.24), seleccionando como concepto “outros postos” e incluíndo nos recadros correspondentes os metros cadrados (75m²) e os meses (correspondería insertar 1).

- Documento de identidade do representante, de ser o caso.
- Carne de Manipulador de Alimentos.
- Copia da Póliza de seguro de responsabilidade civil e do xustificante de pago da prima correspondente ao período asegurado en curso.

5.- No caso da ocupación para a celebración do **4º Mercado do Libro**, será necesaria a presentación do modelo sinalado (MO003), aportando debidamente cuberta e asinada a declaración responsable correspondente ao Anexo 2, xunto coa copia da Póliza de seguro de responsabilidade civil e do xustificante de pago da prima correspondente ao período asegurado en curso.

A cuota tributaria correspondente á ocupación sinalada sería de 5,04€, debendo presentarse xustificante da Autoliquidación e do pago da mesma, tal e como se indica no apartado anterior pero, neste suposto, incluíndo nos recadros os metros cadrados correspondentes (4m²) e os meses (correspondería insertar 1).

6.- O concello facilitará o abastecemento de auga e luz, que se realizará nos lugares establecidos a tal fin pola organización. Para facilitar a toma de corrente e o subministro de auga, os interesados autorizados deberán dispoñer dun cable alargadeira para conectarse ó punto de luz, cunha lonxitude mínima de 10 m e unha manguera de auga.

A actividade deberá desenvolverse nos termos esixidos pola Lei de Comercio de Galicia, coas garantías que a mesma establece para os usuarios e consumidores, ase dispoñerase a correspondente lista de prezos, follas de reclamación, carteis informativos, como o da prohibición de venda de alcohol a menores de idade, etc.

7.- Os interesados autorizados deberán respectar as condicións que se fagan constar na autorización.